Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos								Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob.esc.	Prob.oral	Trab.ind.	Trab.grupo	Cad.Cla.	Rúbrica	Obs.		
1	B1.1	B1.1	caa/ccl/cmct/csc/csiee	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.	70%			x					x	EOE CL
	B1.2	B1.3	cmct/csc	QUB1.2.1.Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.	90%			x	x				x	
	B1.4	B1.3	ccl/cd/cmct/csc	QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.	80%			x						CA EOE
			cd/cmct	QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.	80%			x	x					TIC
			ccl/cd/cmct/csiee	QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	70%			x					x	TIC
	B1.4	B1.4	caa/cd/cmct	QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.	70%			x					x	TIC
caa/ccl/cmct			QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	70%			x					x	CL EOE	
2	B2.1 B2.2	B2.1	ccec/cmct	QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.	80%	x								EOE
			cmct	QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.	80%	x								
	B2.2	B2.2	cmct	QUB2.2.1. diferenza o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.	80%	x								
	B2.4	B2.3	cmct	QUB2.3.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns.	80%	x								
			cmct	QUB2.3.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.	70%	x								EOE
	B2.5	B2.4	cmct	QUB2.4.1. Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a clasificación destes.	60%				x					TIC
	B2.6	B2.5	cmct	QUB2.5.1. Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.	100%	x					x			
	B2.6	B2.6	cmct	QUB2.6.1. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.	80%	x								EOE
	B2.7	B2.7	cmct	QUB2.7.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.	90%	x								EOE
	B2.8	B2.8	cmct	QUB2.8.1. Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.	80%	x								
	B2.9 B2.10	B2.9	cmct	QUB2.9.1. Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.	80%	x								
			cmct	QUB2.9.2. Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.	70%	x								
	B2.11 B2.12 B2.13 B2.14	B2.10	cmct	QUB2.10.1. Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría.	80%	x								
	cmct		QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.	80%	x									
	B2.15 B2.16	B2.11	cmct	QUB2.11.1. Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.	80%	x								

B2.17 B2.18	B2.12	cmcct	QUB2.12.1. Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras.	70%	x								
B2.18 B2.19	B2.13	cmcct	QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.	70%	x								
		cmcct	QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.	70%		x							EOE
B2.20	B2.14	cmcct	QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.	80%	x								
B2.9 B2.11 B2.20	B2.15	cmcct	QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.	80%	x								

Química 2º Bacharelato

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV	
						Prob.esc.	Prob.oral	Trab.ind.	Trab.grupo	Cad.Cla.	Rúbrica	Obs.		
3	B3.1 B3.2	B3.1	cmcct	QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.	80%	x								
			cmcct	QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.	80%	x								
	B3.3 B3.4	B3.2	cmcct/csc	QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise enzimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde	70%		x							EOE
	B3.5	B3.3	cmcct	QUB3.3.1. Deducer o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.	60%	x								
	B3.6 B3.7	B3.4	cmcct	QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.	80%	x								
			cmcct/caa	QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.	70%	x								
	B3.7	B3.5	cmcct	QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, Kc e Kp, para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.	90%	x								
			cmcct	QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.	80%	x								
	B3.8	B3.6	cmcct	QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio Kc e Kp.	80%	x								
	B3.9	B3.7	cmcct	QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplica experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.	80%	x								
	B3.10	B3.8	cmcct	QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco	80%	x								
	B3.3 B3.4 B3.10 B3.11	B3.9	cmcct	QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.	70%		x							EOE
	B3.9 B3.10	B3.10	cmcct	QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.	70%	x		x						
	B3.12 B3.13	B3.11	cmcct	QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brønsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.	90%	x								
	B3.14 B3.15 B3.16 B3.17	B3.12	cmcct	QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.	80%	x								
	B3.18 B3.19	B3.13	cmcct	QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios	80%	x								EOE
	B3.20	B3.14	cmcct	QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribir os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.	80%	x								
	B3.19	B3.15	cmcct/caa	QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoo con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).	70%	x	x							
	B3.21	B3.16	cmcct	QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	80%					x				

Química 2º Bacharelato

3ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV	
						Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. Cla.	Rúbrica	Obs.		
3	B3.22 B3.23	B3.17	cmcct	QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.	100%	x								
	B3.24	B3.18	cmcct	QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	80%	x								
	B3.25	B3.19	cmcct	QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.	80%	x								
			cmcct	QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.	80%	x		x						
			cmcct	QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	80%	x								
	B3.26	B3.20	cmcct	QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	70%	x								EOE
	B3.27	B3.21	cmcct	QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.	80%	x								
B3.28	B3.22	cmcct/csc	QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	80%	x									
		cmcct	QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	70%					x					EOE
4	B4.1	B4.1	cmcct	QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	90%	x								TIC
	B4.2 B4.3	B4.2	cmcct	QUB4.2.1. diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	80%	x								
	B4.4	B4.3	cmcct	QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	80%	x								TIC
	B4.5	B4.4	cmcct	QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	80%	x								
	B4.5	B4.5	cmcct	QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	70%	x								
	B4.6 B4.7	B4.6	cmcct/csc	QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	80%		x							
	B4.8	B4.7	cmcct	QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética	70%					x				
	B4.9	B4.8	cmcct	QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	70%	x								
	B4.10 B4.11	B4.9	cmcct	QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	70%		x							
	B4.7	B4.10	cmcct/csc	QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	70%					x				TIC
	B4.12	B4.11	cmcct/csc	QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	70%					x				EOE
B4.6	B4.12	cmcct/csc/ccec	QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	70%		x							TIC	

LEDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

6. METODOLOXÍA

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado e conectar os novos contidos cos coñecementos anteriores. Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo
 - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

6.1 Estratexias metodolóxicas

Lecturas dos temas correspondentes. (Plan lector)

Explicación dos conceptos de cada apartado dos temas. Realización de actividades relacionadas cos conceptos.

Resolución de exercicios e problemas na aula

Realización de prácticas de laboratorio.

Procura de información a través do uso da aula TIC.

Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade con gráficos, textos, fotos, applets, páxinas web, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, imaxes, etc.
- Elaboración de gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, comentarios, (Rúbricas)
- Exposicións orais.
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

6.2 Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Non hai previsto agrupamentos.

2.- Tempos

O tempo das sesións lectivas distribuirase para levar a cabo tódalas estratexias metodolóxicas citadas no apartado anterior.

3.-Espazos

As sesións lectivas levaranse a cabo ben na aula correspondente o grupo, ben no laboratorio de química ben na aula do Departamento e aula de informática.

4.-Materiais

Libros de texto, gráficas, táboas, páxinas web e applets relativos a experimentos. Materiais de laboratorio para Física e Química.

5.-Recursos didácticos

En todos los cursos Física e Química, ed. SM y en el CAAP ed. Santillana.

7. AVALIACIÓN

7.1 *Avaliación inicial*

7.1.1 Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

A avaliación inicial nos grupos da ESO realizarase nas primeiras semanas do curso, en data fixada polo Centro.

En que consistirá?

Consistirá en unha proba, que pode ser oral ou escrita, de preguntas e respostas e algún exercicio sinxelo relacionados cos estándares correspondentes ao curso anterior.

Como se informará á familia?

Si é necesario informarse a familia de xeito presencial.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

En función dos resultados da avaliación inicial tomaranse medidas de reforzo para o alumnado con resultados pouco satisfactorios na mesma. Ditas medidas consistirán no repaso dos temas correspondentes o curso anterior mediante exercicios e cuestións.

7.1.2 **Acreditación de coñecementos previos (2ºBac) [Se procede]**

O alumnado que non cursase Física e Química de 1º BAC e se matricule de Física ou de Química de 2º de BAC deberá acreditar os coñecementos previos para cursarlas.

Que procedemento se seguirá?

- a) Matrícula como pendente
- b) Proba X

De optar pola PROBA

A proba de acreditación consistirá nun exame a celebrar nos últimos días do mes de outubro. No exame proporanse cuestións e exercicios acerca dos estándares correspondentes a asignatura de 1ºBAC, principalmente os correspondentes a parte (Física ou Química) relacionada coa asignatura na que sexa precisa a acreditación.

A cualificación necesaria para superar dita proba será de 5 sobre 10.

7.2 Procedemento avaliación continua. Criterios de cualificación.

Con que temporalización se farán probas escritas?

Realizaranse probas escritas (2 ou 3 por avaliación). Estas terán exercicios e cuestións de diferente dificultade para valorar os distintos niveis de competencia.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación?

As probas escritas cualificaranse de 0 a 10 puntos. En ditas probas indicárase ben no propio exame, ou ben ó inicio das mesmas por parte do profesor, a cualificación máxima de cada pregunta.

Nas cuestións valorárase positivamente o rigor científico, o razoamento lóxico e a claridade e corrección na expresión.

Nos problemas valorárase positivamente o desenvolvemento matemático, a correcta utilización de unidades e análise dos resultados obtidos. Os erros de unidades ou de cálculo penalizaranse cun 25 % da puntuación do apartado correspondente. Se nun exercicio se fai uso dun valor obtido anteriormente e este non está ben feito poderase cualificar este apartado cun 50% do seu valor.

Valorárase negativamente unha mala presentación das probas así como a súa redacción, e nos traballos e informes, non presentalos en prazo.

Nas cuestións nas que hai que elixir un ítem entre varias opcións, non se valorará a simple anotación do ítem, aínda que sexa o correcto, sendo necesaria unha explicación.

Nas cuestións de formulación química (40 fórmulas) deberase responder correctamente ó 70% delas para acadar a metade da cualificación máxima da proba (soamente de formulación).

En certos exercicios son imprescindibles representacións gráficas ou ecuacións químicas.

Para superar estas probas, deberase obter unha cualificación igual ou superior a cinco sobre dez.

As probas escritas ponderarán un 80% na ESO e 90% en BAC da cualificación da avaliación.

A actitude, comportamento na clase, traballo na aula e na casa, a libreta e os informes de traballos ponderarán o 20% na ESO e o 10 % en BAC, podéndose restar ata un punto da súa cualificación, a non realización das tarefas encomendadas, así como un comportamento inapropiado nas clases e no laboratorio.

O copiar nunha proba escrita ou calquera intento de fraude na mesma supoñerá un cero na proba que se está realizando.

Si algún alumno/a non asiste á realización dunha proba ou non presenta algún traballo obrigatorio, será necesario xustificalo por medio dun documento oficial (xustificante médico). Neste caso repetiráselle a proba ou poderá entregar o traballo fora do prazo establecido.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións?

A nota media de cada avaliación farase ponderando as cualificacións das probas escritas, traballos, cadernos, actitude e comportamento da seguinte maneira:

ESO :

- Probas escritas. Instrumentos de avaliación: Proba escrita.
- Actitude e comportamento. Instrumentos de avaliación: Observación.
- Traballo na aula e na casa. Instrumentos de avaliación: Traballo individual, proba oral, rúbrica e observación.
- Libreta e informes de traballos. Instrumentos de avaliación: Caderno clase, traballo individual e/ou grupo.

BACHARELATO:

- Probas escritas. Instrumentos de avaliación: Proba escrita.
- Informes e prácticas de laboratorio. Instrumentos de avaliación: Traballo individual, proba oral e observación.

En tódolos casos será necesaria unha cualificación mínima de 4 na media das probas escritas para superar a avaliación.

Para superar a avaliación será necesaria unha cualificación mínima de 5 na suma de todos os aspectos.

O redondeo para obter a nota de avaliación e a nota final será, en cada caso de ter decimais, cara a nota superior se o comportamento do alumno/a en clase é positivo, e inferior, no caso contrario.

Que aspectos vanse a valorar dentro da observación do traballo na aula?

No caderno valorarase que estea actualizado, a presentación e limpeza, gráficas ben representadas e unidades correctas.

Nos informes, traballos de investigación e prácticas de laboratorio valorarase a presentación, a capacidade de síntese, a orixinalidade, a profundidade no contido e a adecuación dos pasos seguidos ao método científico.

Nos traballos en equipo valorarase o respecto ás opinións dos demais, a tolerancia, o compañeirismo, etc.

Como se recupera unha proba non superada?

As recuperacións realizaranse por cada avaliación.

Como se recupera unha avaliación non superada?

A recuperación dunha avaliación farase mediante unha proba escrita, de composición semellante a das probas escritas citadas anteriormente. A nota final da avaliación será a media entre a nota inicial e a nota de recuperación. No caso en que a recuperación estea aprobada a nota mínima será un 5.

7.3 Procedemento de avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Os alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa deberán realizar unha proba para a avaliación final.

En que consistirá a proba ?

Consistirá nunha proba escrita que seguirá a mesma estrutura e os mesmos criterios de avaliación que as probas ordinarias levadas a cabo no curso.

Que estándares vanse avaliar?

Avaliaranse os estándares correspondentes ao trimestre non superado o longo do curso.

Como se elabora a cualificación final?

A cualificación final obterase como media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso. No caso de que un alumno/a teña recuperada algunha avaliación o longo do curso, na media incluírase a cualificación da recuperación no lugar da cualificación da avaliación

correspondente.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Fixados no art. 23 do Decreto 86/2015, DOG Num 120 do 29 de xuño de 2015.

7.4 Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar?

Para a avaliación extraordinaria avaliaranse unicamente os contidos, debido a súa especial característica. A estrutura da proba será semellante a aquela das probas ordinarias do curso e os estándares avaliábeis serán os correspondentes a toda a materia.

Como se cualifica, redondeos, etc?

As cuestións de teoría pura ou aplicada e os exercicios prácticos e problemas o 100%.

Para superar a proba será necesaria unha cualificación de 5 ou mellor.

A cualificación para a nota da avaliación extraordinaria redondearase ao enteiro mais próximo.

7.5 Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

A Xefa de Departamento encargárase da avaliación de alumnos coa Física e Química pendente do curso anterior. Informarase aos alumnos/as que os profesores/as do Departamento de Física e Química están á súa disposición para resolver calquera dúbida que lles poida xurdir ao preparar os exames.

Como se avalía?

Realizaranse dúas probas ao longo do curso en datas que serán fixadas polo centro. As probas escritas cualificaranse sobre 10 puntos. En ditas probas, ou ben o inicio das mesmas indicarase o número de puntos correspondente a cada exercicio ou cuestión.

Nas cuestións valorarase o rigor científico, o razonamento lóxico e a claridade e corrección na expresión.

Problemas e exercicios: Valorarase o desenvolvemento matemático e a correcta utilización de unidades.

Para superar estas probas, débese obter unha cualificación igual ou superior a cinco.

Como se elabora a cualificación final?

A cualificación final será a media aritmética das dúas probas si a nota obtida en cada unha delas é igual ou superior a 4. Para aprobar a asignatura é necesaria a cualificación mínima total de 5.

A nota final redondearase ao enteiro mais próximo.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

A proba extraordinaria (de ser precisa) realizarase conxuntamente co resto do alumnado do curso correspondente seguindo o especificado no apartado 7.4

Como se cualifica?

As cuestións de teoría pura ou aplicada e os exercicios prácticos e problemas o 100%.

Para superar a proba será necesaria unha cualificación de 5 ou mellor.

A cualificación para a nota da avaliación extraordinaria redondearase ao enteiro mais próximo.

7.6 Alumnado repetidor

Corresponde ao profesor/a de cada grupo a atención e elaboración das actividades de reforzo para os alumnos e alumnas repetidores. Dito reforzo consistirá na realización de exercicios e outros traballos que serán entregados ao alumnado repetidor o longo do curso académico correspondendo as distintas partes do temario da materia.

8. OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.2 Avaliación da programación didáctica

8.2.1 Mecanismo de revisión

Con que periodicidade se revisará?

A programación didáctica revisarase con carácter mensual no relativo o seu cumprimento, principalmente no aspecto temporario.
No relativo a posibles modificacións doutro tipo avaliarase no fin de curso.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

No caso de desfase tentarase corrixir mediante a eliminación das partes non esenciais dos contidos das unidades didácticas seguintes e tomarase nota co fin de efectuar as modificacións precisas cara o vindeiro curso.

8.2.2 Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Art. 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

9.1 Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Non procede	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non
b) Espazos diferenciados? Non procede	2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non é preciso
c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Non procede	3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? ----
2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non	4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais? Si
3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non	5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non
4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non	6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Non
5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non	
6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Levar material de traballo e algunha actividade para facer	

9.2 Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>0</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>Non</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>Non</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <p>Non</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>Non</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>Non</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>Si</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>Non</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p> <p>Non procede</p>

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso estanse valorando posibles actividades complementarias e extraescolares.

11. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Física e Química	2º ESO	A, B, A / B	Manuela González López Dept. de C.Naturais
	3º ESO	A, B	Cristina Tojo García
	4º ESO	A / B	
CAAP			
Física e Química	1º BAC	A, B	María José Vila Castro
Física	2º BAC	A	
Química			A (dous grupos)

12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	APARTADO
a	Introdución e contextualización	Apto. 3
b	Contribución ás competencias básicas	Apto. 5
c	Concreción dos obxectivos para o curso	Apto. 3
d	Concreción para cada estándar	Apto. 5
	1º.- Temporalización	Apto. 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Apto. 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Apto. 5
e	Concrecións metodolóxicas	Apto. 6
f	Materiais e recursos didácticos	Apto. 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Apto. 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d.	Apto. 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Apto. 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Apto. 7
k	Avaliación inicial e medidas	Apto. 7
l	Medidas de atención á diversidade	Apto. 9
m	Concreción de elementos transversais	Apto. 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Apto. 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Apto. 8